

OPINIÓ

Efigenia Maseda

Presidenta de VIA ALFOZ e candidata á alcaldía

EU ELIXO MELLORAR ALFOZ

Desde a miña primeira escola en Reirado ata o día de hoxe como candidata á alcaldía de Alfoz, pasou un tempo no que sempre se mantivo no meu pensamento e nas miñas querencias a predilección polo mundo rural, de tal xeito que nunca me imaxinei ningún sitio mellor para vivir. Levando este pensamento por diante, é difícil non intentar mellorar as condicións de vida dos veciños e veciñas de Alfoz.

No punto de mira está aproveitar os nosos recursos naturais, o noso patrimonio; aumentar o emprego no rural e que, como consecuencia, asenten no concello a súa vivenda ou o seu negocio; potenciar o turismo, posto que somos un paraíso natural; promover a ordenación urbanística, que permita a construción de vivendas e que delimite sólo industrial; e, sobre todo, conservar e mellorar a calidade dos servizos prestados á veciñanza: Educación, sanidade, SAF, infraestruturas de auga e saneamento, prevención de incendios, acondicionamento de zonas verdes e recursos naturais, aceos a barrios...

Por todo isto, eu elixo mellorar Alfoz.



A CANDIDATURA DE VIA ALFOZ PRESÉNTASE COA ASPIRACIÓN DE CONSEGUIR A ALCALDÍA DE ALFOZ

A LISTA ELECTORAL ESTARÁ COMPOSTA POR 16 MEMBROS

A candidatura de VIA ALFOZ para as próximas eleccións estará formada por unha lista paritaria, composta por oito mulleres e oito homes, acollendo a persoas de varias xeracións desde os 78 ata os 27 anos. A candidatura conta con seis caras novas representadas por Judit Casabella Pardeiro, Susana Díaz Gil, Pedro Luís Fernández Expósito, Iria Braña López, María José Prado Fernández e Yahel Rodríguez Rubal, que acompañarán a Efigenia Maseda Paz, candidata á alcaldía, aos membros da Dirección Executiva de VIA Alfoz, Eliseo Lorenzo García, Xabier Pardiñas Suárez, María Fernánda Casabella Méndez, José Luís Cascudo Cascudo, Carmen Dolores Geada Maseda, Francisco José Fernández Fraga, Pablo José Maseda Rubal e Jordi Melián Pagés, ademais de Borja Vizoso Cora. Xunta tanto experiencia como xuventude, comparte continuidade e renovación e está composta, sobre todo, por xente que **elixe mellorar Alfoz**.

“Teño o privilexio de vivir en Alfoz xunto coa maior parte da miña familia. Decidín formar parte deste proxecto por varias razóns, entre elas a liberdade ideolóxica e o compromiso de traballar con e para os veciños.”

Judit Casabella Pardeiro

“Levo toda a miña vida en Alfoz. Agora gustárame tamén aportar algo para mellorar este concello e que a miña familia poda disfrutar de vivir aquí como eu o fixen, e por iso decidín formar parte deste proxecto.”

Susana Díaz Gil

“Traballo en Alfoz e quero traballar por Alfoz. Por iso apoio a VIA, un equipo composto por xente con coñecementos, capacidade e compromiso para mellorar Alfoz.”

Pedro Luís Fernández Expósito

“Á miña paixón polo ensino únese o gusto por estar en continua aprendizaxe, e non deixar nunca de mellorar. Por iso, e sobre todo polo desexo de aportar o mellor de min aos veciños de Alfoz, decido formar parte VIA.”

Iria Braña López

“Vai para 13 anos que vivo en Alfoz, na parroquia do Pereiro. Preséntome ás eleccións por primeira vez e fágoo na candidatura de VIA, xa que estou convencida de que é a mellor alternativa para que Alfoz progrese. Por iso, decanteime por dar o paso e elixir mellorar Alfoz.”

María José Prado Fernández

“Dar as grazas por poder formar parte deste proxecto e coa ilusión de poder contribuir, axudar e facer mellorar o noso pobo, Alfoz!”

Yahel Rodríguez Rubal

VIA ALFOZ escoitate...

O equipo de VIA ALFOZ pon a disposición dos veciños e veciñas de Alfoz o correo electrónico vialfoz@gmail.com coa intención de que nos expoñan as súas suxestións. Mais información en www.vialfoz.com

NOTICIAS DE ALFOZ

NOTICIEIRO DOS VECIÑOS INDEPENDENTES DE ALFOZ

VIA ALFOZ PRESENTARASE ÁS VINDEIRAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DO 28 DE MAIO

A PRESIDENTA DE VIA ALFOZ, EFIGENIA MASEDA PAZ, SERÁ A CANDIDATA Á ALCALDÍA



Alfoz, 23 de Abril de 2023.

Na última reunión da Dirección Executiva de VIA Alfoz elixiuse por unanimidade a Efigenia Maseda Paz como candidata á alcaldía para as vindeiras Eleccións Municipais do próximo 28 de maio. Efigenia Maseda releva no cargo a Xabier Pardiñas, quen fora candidato en 2015 pola agrupación de electores Veciños Independentes de Alfoz e en 2019, xa con VIA Alfoz, a causa dunha incompatibilidade por motivos profesionais.

Nacida en Alfoz, no barrio de Vilaúde, da parroquia de Mor, fai 58 anos, Efigenia é Licenciada en Filoloxía Clásica pola USC e traballa na actualidade no IES Perdouro de Burela. Anteriormente, Efigenia foi traballadora do Concello de Alfoz e do servizo de Correos, o que a fan coñecedora da veciñanza, así como da realidade e as necesidades do noso concello.

A nivel político, Efigenia Maseda é Presidenta de VIA Alfoz desde a súa fundación, posto no que foi ratificada na pasada Asemblea Xeral do 13 de novembro de 2022. Agora, asume o relevo natural de Xabier Pardiñas como candidata á alcaldía de Alfoz, tras substituílo como voceiro do Grupo Municipal de VIA Alfoz en 2021.

Con esta elección, comeza a conta atrás para as eleccións do vindeiro 28 de maio «cunha lista consensuada, cun proxecto renovado e innovador, que pretende mellorar o benestar da veciñanza de Alfoz», indica Efigenia Maseda, quen estará acompañada na candidatura por Xabier Pardiñas, xunto con outros membros da actual Dirección Executiva e «moitas caras novas, que representan a xente que elixe mellorar Alfoz» engade a candidata. A presentación da lista realizarase nun evento público o vindeiro luns 1 de maio ás 19 horas, en Finca Galea

PRESENTACIÓN da CANDIDATURA de VIA ALFOZ

ACTO ABERTO AO PÚBLICO EN XERAL. TRAS O ACTO COMPARTIRASE UN APERITIVO ENTRE TODOS OS ASISTENTE

**LUNS, 1 DE MAIO ás 19:00 h
en FINCA GALEA**



O SEMÁFORO

No concello de Alfoz, temos unha serie de monumentos e puntos de interese que están recollidos en diferentes guías turísticas e que son coñecidos e recoñecidos por todos os veciños e veciñas. Teñen fama e prestixio. Pero hai un elemento, do que todos dependemos, e que non aparece en nungún catálogo: o semáforo da Seara.


Este semáforo vive afastado dos seus conxéneres máis cercanos, situados a 15 km. Vixia un cruce de camiños, “nudo” importante de tráfico. Tráfico de condutores e de singulares persoas, de diferentes crenzas, de diferente cor de pel, de diferentes étneas, de diferentes procedencias. A todas estas persoas as trata de maneira amable pero con rigor, marcando os tempos de paso cos seus cambios de luces ou as súas intermitencias. Non fai nungún tipo de distincións e trata a todos por igual. Non acepta beneficios por cambiar o seu ritmo favorecendo a alguén.

Este semáforo debería ser un exemplo para todos. Un exemplo de trato igualitario para todas as persoas, eliminando situacións de discriminación, ben sexa nun campo de fútbol, no traballo diario, nas escolas ou nas formas de gobernar.

Este semáforo é un exemplo de xustiza e integridade moral. Un exemplo de constancia no traballo. Un exemplo de normalidade e felicidade polo seu cambio de cores.

Seguro que os seus pensamentos tamén están nas eleccións e espera que os veciños e veciñas de Alfoz vaian votar libremente e saiban escoller o mellor candidato. Aquel que predique co seu exemplo, co exemplo dun simple semáforo, tratando a todos por igual e dirixindo de maneira xusta os camiños do noso concello.

Esperemos tamén que, desta vez, a xente entenda que nestas eleccións a cor verde, igual que no semáforo, indica avanzar.



ALGUNHAS DAS NOSAS PROPOSTAS DURANTE A LEXISLATURA

VIA ALFOZ LEVOU MÁIS DE TRINTA MOCIÓN E EMENDAS AO PLENO MUNICIPAL NO PERÍODO 2019-2023



PROPOSTA REXEITADA POLO PSOE

PROPOSTA AO GOBERNO DE ALFOZ PARA A REDACCIÓN DUN PLAN ESPECIAL PARA CREAR SOLO URBANIZADO CON DESTINO DE USO INDUSTRIAL



PROPOSTA REXEITADA POLO PSOE

PROPOSTA AO GOBERNO DE ALFOZ PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IBI, COA INTENCIÓN DE REDUCIR O RECIBO DA CONTRIBUCIÓN



PROPOSTA REXEITADA POLO PSOE
(A pesar de formar parte do seu programa electoral)

SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA CONTINUACIÓN E MELLORA DA SENDA PEONIL DA ESTRADA XERAL LU-160 (Execución do tramo restante da senda peonil entre os puntos quilométricos 18,720 e 19,290. Colocación de sinalización tanto no tramo existente da senda como no de nova execución, indicando o seu uso exclusivo para peóns. Reparación da varanda de madeira existente. Colocación dun paso de peóns fronte ao IES Alfoz-Valadouro).



PROPOSTA APROBADA POR UNANIMIDADE



NON EXECUTADA

SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DOS TRABALLOS DE MELLORA E CONSERVACIÓN DA ESTRADA XERAL LU-160 (Mellora do tramo Adelán - Coubreira)



PROPOSTA APROBADA POR INANIMIDADE



NON EXECUTADA NA SÚA TOTALIDADE

PROPOSTA AO GOBERNO DE ALFOZ PARA LEVAR A CABO CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN DE RESPONSABILIDADE CIDADÁ, COA FINALIDADE CONSEGUIR UNHA SOCIEDADE CONCIENCIADA CO COIDADO DO MEDIOAMBIENTE. (Promover iniciativas de voluntariado, enfocadas en realizar recollidas de lixo a través de agrupacións e/ou colectivos. Instar ao goberno municipal a levar as accións necesarias para a retirada do lixo acumulado nas vías de titularidade municipal que supoñan un risco medioambiental.

Consignar unha partida nos vindeiros orzamentos municipais encamiñada a levar a cabo as accións indicadas nos puntos anteriores. Instar ao resto das administracións, nomeadamente a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo, a que procedan de igual xeito, retirando o lixo acumulado nas vías da súa titularidade, que supoñan un risco medioambiental)



PROPOSTA APROBADA POR INANIMIDADE



NON EXECUTADA POLO GOBERNO MUNICIPAL



PROPOSTA APROBADA POR INANIMIDADE



NON EXECUTADA NA SÚA TOTALIDADE

PROPOSTA AO GOBERNO DE ALFOZ PARA A COMPROBACIÓN E RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS (Solicítase unha actualización do Inventario de Camiños Públicos Municipais, no que se reflectan as alteracións, erros ou omisións que requiran subsanación, procedendo á supresión dos camiños inventariados de forma errónea, e incorporar aqueles que, aínda sendo públicos, non forman parte actualmente do inventario. Facer pública, a través do Portal de Transparencia, a documentación gráfica dixitalizada do Inventario de Camiños Públicos Municipais, da que dispón o Concello de Alfoz.



PROPOSTA REXEITADA POLO PSOE

PROPOSTA AO GOBERNO DE ALFOZ SOBRE A GRAVACIÓN DAS SESIÓNS PLENARIAS MUNICIPAIS (Gravación de imaxe e son das sesións dos Plenos Municipais e publicación na páxina web do Concello de Alfoz, habilitando un espazo visible e facilmente accesible para tal fin).



PROPOSTA REXEITADA POLO PSOE
(A pesar de que o PSOE solicitou gravar os plenos en 2003)

SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A MELLORA DAS PONTES NAS VÍAS PROVINCIAIS LU-P-0206, LU-P-0207 E LU-P-0211. (Solicítase que se proceda ao ensanchamento, así como á colocación dos correspondentes petriles de protección lateral e a rexeneración do pavimento, na Ponte de Bao e na Ponte de Centoi (Lagoa), na Ponte de Santa Mariña e do Xordelo (Mor) e na Ponte de Pías (Adelán)



PROPOSTA REXEITADA POLO PSOE

XESTIÓN INICIADAS POR VIA ALFOZ E PROPOSTAS DO NOSO PROGRAMA REALIZADAS POLO ACTUAL GOBERNO

1. Execución das derivacións da rede de saneamento pendentes nas parroquias de Bacoí, Carballido, Castro de Ouro e Mor (proposta nº 9 do Programa electoral de VIA Alfoz de 2019)

2. Execución do miradoiro da Fervenza do Escouridal (proxecto promovido por VIA Alfoz en 2018) e contrución de pista de padel na Seara (xestións realizadas por VIA Alfoz ante a Xunta de Galicia na lexislatura 2015-2019).

3. Impulsar a tramitación do Plan Básico Municipal, por parte da Dirección Xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio (proposta nº 20 do Programa electoral de VIA Alfoz de 2019)

4. Creación dun Centro de Interpretación do Mariscal Pardo de Cela no Castelo do Castrodouro (proposta nº 34 do Programa electoral de VIA Alfoz de 2019).

ILUSIÓN, HUMILDADE E TRABALLO

A ilusión, a humildade e o traballo son as señas de identidade dos veciños e veciñas que inciamos o proxecto de VIA Alfoz, fai xa 8 anos. E digo equipo porque VIA Alfoz funciona así, coma un equipo, sen egos, coma unha orquestra, sen solistas. Neste equipo, desde o primeiro simpatizante ata o último membro da Dirección Executiva aportamos o noso gran de area, por moi pequeno que sexa, para que a nosa sintonía, o noso proxecto, acade o seu obxectivo, que non é outro que conseguir mellorar Alfoz pois, a acción máis pequena vale máis que a intención máis grande.

VIA Alfoz non ten obxectivos políticos para satisfacer a ningún partido. VIA Alfoz é simplemente unha ferramenta que está á disposición da veciñanza para canalizar as súas inquedanzas, convencidos de que Alfoz ten futuro. Por iso, a aqueles que queredes vivir en Alfoz pedímosvos a vosa confianza, pedímosvos que sexades protagonistas do voso futuro, do futuro de Alfoz.

Moitos están preocupados por saber se VIA Alfoz apoiará ao PSOE ou ao PP tras as próximas eleccións. Esa non debería ser unha preocupación, pois os concelleiros de VIA Alfoz votaremos unicamente á nosa candidata. VIA Alfoz merece optar á alcaldía do noso concello e centraremos os nosos esforzos en conseguir que tanto a veciñanza como o resto dos membros da corporación nos dean a súa confianza para poder dirixir o próximo goberno de Alfoz. Debemos estar onde a veciñanza decida.

Na última Asemblea Xeral utilicei unha frase de Eduardo Pondal, da segunda parte do noso himno, que di “os tempos son chegados”. Porque estou convencido disto, de que chegou o noso tempo, o noso momento. O momento de promover un cambio, pero non un cambio de persoas nin de partidos de goberno, pois xa se está vendo que iso non serviu de nada. VIA Alfoz non veu para cambiar persoas, veu para cambiar as formas de facer política, para cambiar as formas de gobernar, para mellorar Alfoz. Este debe ser o noso obxectivo. Por iso neste tempo dedicámonos a escoitar á xente, a facer o mellor programa de goberno e a conseguir a mellor candidatura posible, para que Alfoz nos dea a súa confianza.

Desexamos que formedes parte da xente que elixe mellorar Alfoz e para iso, VIA Alfoz, esforzase cada día en corresponder á vosa confianza con ilusión, humildade e traballo.